



**Texto:** Stephanie Baudet

**Medidas:** 13x21 cm

**Ilustración:** Arianna Bellucci

**Páxinas:** 256

**Tradución:** Maruxa Zaera

**I.S.B.N.** 978-84-18667-35-0

**Idioma:** Galego

**IBIC:** YFD

**Encadernación:** Rústica con solapas

**P.V.P.:** 13,90€

Terceiro título da serie *Sherlock Holmes para pequenos detectives*, unha colección amena e divertida cos mellores casos do detective máis famoso de todos os tempos. Grazas á súa narrativa e rechamantes ilustracións axudará a **consolidar a lectura dos máis novos**. Ademais, as didácticas **aclaracións sobre termos e obxectos propios da Inglaterra da época** achegaraos á literatura clásica de detectives.

A través das crónicas do Dr. Watson compartiremos as súas aventuras cheas de misterio, roubos e asasinatos.

## Antes da lectura

Poñer en coñecemento do alumnado quen son os **sikhs** e en que basean a súa relixión.

Explicar en que consiste o **método científico** e por que é a ferramenta máis axeitada para desentrañar un misterio:



**1** Observa

**3** Fai unha hipótese

**5** Saca unha conclusión

**2** Obtén información

**4** Comproba se funciona

Expoñer as características do funcionamento da **Compañía Británica das Indias Orientais** e os problemas, revoltas e revolucións que se produciron na India para tentar rematar co seu control comercial e político.

## Despois da lectura



Cres que Watson adorna en exceso os relatos que escribe dos casos de Sherlock ou, tras ler varias das súas historias, pensas que se axustan ao que pasou en realidade?


Sabías que os tigres son animais moi temidos na India e que, mesmo, a algúns deles se lles chama 'devoradores de persoas'? Que outros depredadores da selva coñeces e de que países son?

O uso das patas de pau era común como prótese rudimentaria nas persoas que perderan unha perna, en que outras novelas clásicas as podes atopar? Que outras próteses se empregaban naquela época?

Imos xogar aos detectives, por que credes que Sherlock lle deu tanta importancia a que estivesen separadas as dedas das pegadas do pé do asasino? Solución (\*)

Que che pareceu que empreguen barcas para o transporte de mercadorías polo río Támesis? Que outras cidades do mundo están atravesadas por ríos e fan o mesmo uso deles?

Cres que Small levaba razón ao sentirse traizoado e buscar vinganza ou non merecía un trato xusto por estar no cárcere?



(\*) Porque iso indicaba que non adoitaba empregar calzado e que, polo tanto, había ser un indíxena.